

NOTA DE PRENSA

As necesidades do alumnado con altas capacidades centra unha formación do Colexio de Psicoloxía

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.- En Galicia hai preto de 1.500 alumnos e alumnas con alta capacidade cognitiva, segundo o informe "Alumnado con necesidades de apoio educativo. Curso 2015-2016" que elabora o Ministerio de Educación. Este alumnado presenta unhas necesidades formativas concretas que deben ser atendidas desde a infancia, polo que o Colexio Oficial de Psicoloxía organiza unha xornada sobre esta cuestión este sábado 17 de febreiro na súa sede en Santiago de Compostela.

A atención específica ás necesidades formativas dos nenos e nenas con altas capacidades cognitivas ten como obxectivo principalmente o de lograr un desenvolvemento harmónico, conxugando os ámbitos emocionais, educativos e sociais. A regulación legislativa data de 1996 da que xa pasaron mais de vinte anos e, malia ser recoñecidos como alumnado de necesidades específicas de apoio educativo, non están a recibir a atención que precisan, a súa problemática é pouco coñecida e o contrario dos mitos que existen sobre eles, necesitan apoio tanto no plano intelectual coma emocional.

A imaxe distorsionada deste alumnado dáse cando se lles identifica co almacenamento de datos e non co manexo dos mesmos. O traballo no plano emocional é máis importante que o curricular pois son hipersensibles e presentan unha alta vulnerabilidade, polo que o seu encaixe social tende á resistencia.

En base a todo isto a Sección de Psicoloxía Educativa do COPG considera que a formación sobre a detección, identificación e intervención é un alicerce sumamente importante para dotar de recursos a nosa práctica no ámbito educativo, tal e como se abordará na xornada deste sábado. O docente será Luis Rodríguez Cao, catedrático de Educación Secundaria e psicólogo. É responsable da área de Superdotación Intelectual da Coruña desde a súa posta en funcionamento en 1998 ata 2017, unha área que se ocupa do diagnóstico e da orientación educativa do alumnado con alta capacidade intelectual dos centros de educación non universitaria. É autor de varios libros e artigos científicos sobre o tema.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal